



ORIENTACIÓN DEPORTIVA

IX CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR

MÉRCORES 5 DE ABRIL DE 2017 ÁS 10:00 H

ILLA DAS ESCULTURAS

PONTEVEDRA



CATEGORÍAS PARTICIPANTES

A participación na proba é individual para as seguintes categorías:

INFANTIL FEMININO (nadas no 2003 e 2004)

INFANTIL MASCULINO (nados no 2003 e 2004)

CADETE FEMININO (nadas no 2001 e 2002)

CADETE MASCULINO (nados no 2001 e 2002)

PERCORRIDOS

DATOS TÉCNICOS DOS PERCORRIDOS			
CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
INF MASC	2,5 Km	15	18
INF FEM	2,3 Km	15	16
CAD MASC	3,0 Km	20	20
CAD FEM	2,7 Km	20	18

Trazados: Sonia Arias

PROGRAMA

10,00H. Recepción de participantes, entrega de dorsais e das tarxetas de control.

10,30H. Charla explicativa sobre as carreiras de orientación.

11,00H. Saída dos primeiros corredores.

13,30H. Entrega de trofeos.

PUNTO DE ENCONTRO

Pavillón multiusos da Xunqueira (Pontevedra)

<https://goo.gl/maps/dceWqXoioMu>

OBSERVACIÓNS, NORMAS E RECOMENDACIÓNS

O profesorado será o encargado de entregar ao seu alumnado os dorsais e pinzas electrónicas que deberá recoller en secretaría o día da proba ao chegar.

É recomendable indicar aos deportistas que serán chamados 3 minutos antes da súa hora de saída, deberán estar pendentes!

Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.

Na saída debes picar “limpar” (Clean) e “comprobar” (Check).

Todos os deportistas utilizarán dispositivo electrónico de control chamado SportIdent, é responsabilidade de cada un comprobar o rexistro correcto de paso en cada baliza. A estación deberá emitir un pitido que verifica o paso do deportista.

É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. O dispositivo electrónico SportIdent detecta una vez descargados os resultados unha orde incorrecta de rexistro dos controis **¡Ollo ó código da baliza!** É responsabilidade de cada deportista comprobar que se está no lugar correcto comprobando o código da baliza antes de “picar”.

En caso detectar un erro na orde de visita dos controis é posible corrixir o mesmo volvendo a picar as balizas na orde que corresponde antes de rematar a proba.

Non se permite seguir a outros corredores, a carreira é individual. **Ter en conta ademais, que os percorridos son diferentes.**

Non se permite **falar** con outros corredores.

É **obligatorio pasar pola meta**, aínda que se produza o abandono.

Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha brúxula, ademais do mapa proporcionado pola Organización.

Haberá observadores comprobando que se cumpren tódalas normas. **É obrigatorio seguir as instrucción do persoal organizador, calqueira comportamento inadecuado levará á descalificación do deportista.**

Unha vez rematado o percorrido, os deportistas deberán realizar a descarga dos resultados e entregar o mapa á organización, os mapas serán devoltos aos responsables dos centros para o seu reparto ao final da proba.

Calquera aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos oficiais da modalidade de orientación O-Pé.

É recomendable utilizar roupa cómoda. **Non hai que esquecerse de levar outra muda.** Hai vestiarios e duchas a disposición dos competidores. **A previsión é de chuvia.**

SEGURIDADE BÁSICA

Os trazados dos percorridos pénsanse para evitar as zonas perigosas para os participantes. Ningún control estará situado en lugares que impliquen risco algún para os participantes.

Compre recordar que existe na zona tramos de calzada con tráfico de vehículos. Ningún corredor poderá utilizar a calzada en ningún caso.

En caso de que algún deportista se “perda” ou desorientado, deberá recordar que no mapa a referencia máis clara é o río Lérez para resituarse.

En todo momento haberá unha ambulancia na zona de concentración para garantir a seguridade dos participantes.

A organización non se fará responsable da posible perda de obxectos persoais durante a proba, existindo a posibilidade de deixar os mesmos custodiados na secretaría da mesma.

É importante recordar que en caso de abandono o deportista deberá pasar pola meta para comunicar o feito e que quede constancia.

ORGANIZA

Club AROMON MONTAÑEIROS DE PONTEVEDRA A ROELO

<http://aromon.es>

aromon@aromon.es

Tel.: 657 565 891 / 630 437 762





COLABORAN



Universidade de Vigo